

Técnica: óleo sobre lenzo.

Medidas: 92x73 cm.

Valoración: 900 €.

Doador: Julio César Flores González.

Obxecto: escultura.

Título: Pseudointelectual.

Técnica: acrílico sobre papel.

Medidas: 46 cm.

Valoración: 1.000 €.

Doador: Emilio Celeiro.

Obxecto: escultura.

Título: A gran dama.

Técnica: escultura en bronce.

Medidas: 14x34x8 cm.

Valoración: 1.000 €.

Doadora: M^a Luisa Heredero González-Pousa (Mariola Heredero).

Obxecto: pintura.

Título: Margaridas.

Técnica: acuarela sobre papel.

Medidas: 70x50 cm.

Valoración: 750 €.

Doador: Raimundo Martínez Rodríguez.

Obxecto: escultura.

Título: Abstracto.

Técnica: canto rodado.

Medidas: 23x32x20 cm.

Valoración: 1.100 €.

Doadora: Marieta Quesada Legido.

Obxecto: pintura.

Título: A Espera.

Técnica: óleo sobre lenzo.

Medidas: 92x60 cm.

Valoración: 1.750 €.

Doador: Siro López Lorenzo.

Obxecto: pintura.

Título: Minotauro I.

Técnica: témpera sobre papel.

Medidas: 48x64 cm.

Valoración: 1.000 €.

Disposición derradeira

A Consellería de Facenda, a través da Secretaría Xeral e do Patrimonio, levará a cabo todos os trámites para a efectividade deste decreto.

Santiago de Compostela, once de xuño de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Orde do 18 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a empresas galegas para a realización de actuacións e estratexias de promoción e internacionalización e se procede á súa convocatoria (IN515B).

A política desenvolvida pola Consellería de Economía e Industria no marco das competencias que lle atribúe o Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica, na súa disposición transitoria terceira, está dirixida a apoiar a promoción e internacionalización do tecido produtivo galego, incentivando o desenvolvemento de estratexias que contribúan ao dimensionamento e á capacidade das empresas galegas no mercado nacional e internacional.

Tendo en conta as circunstancias que caracterizan a actualidade económica nacional e internacional e que inflúen, sen dúbida ningunha, na evolución do comercio exterior e do crecemento económico galego, faise preciso orientar e apoiar os esforzos que están a levar a cabo as empresas galegas para promover e consolidar a súa presenza activa fóra da nosa comunidade autónoma, multiplicando e rendibilizando os recursos e as iniciativas que incentiven a súa competitividade e impliquen, en definitiva, un maior protagonismo e peso económico de Galicia no eido mundial.

Neste senso, os obxectivos desta orde están dirixidos a promover o desenvolvemento de actuacións de difusión, promoción, de acceso a mercados e de apoio aos recursos humanos que estimulen a proxección, o crecemento e a estabilidade das empresas galegas fóra da nosa comunidade e que xeren, pola súa vez, complementariedades e vantaxes competitivas que lles permitan operar coa eficacia debida nun contexto cada vez máis internacional e global.

No Programa Operativo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) Galicia 2007-2013, dentro do eixe prioritario de intervención 2, Desenvolvemento e innovación empresarial, recóllese como actuación a posta á disposición das pequenas e medianas empresas dos recursos necesarios para o financiamento tanto dos investimentos coma doutros gastos necesarios para acometer a súa saída ao exterior, así como para o fortalecemento da súa internacionalización.

Os incentivos previstos nesta orde pretenden, tamén, orientar e apoiar os esforzos que están a levar a cabo as empresas galegas que superen o límite de pequena e mediana empresa, de tal forma que os proxectos que se desenvolvan ao abeiro desta deberán repercutir na mellora da súa competitividade.

Con esta finalidade, a Consellería de Economía e Industria a través da súa secretaria xeral, acorda realizar unha convocatoria de axudas ás empresas galegas para a realización de actuacións e estratexias de promoción e internacionalización.

As actuacións desta convocatoria fináncianse coa participación do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) e, polo tanto, a súa tramitación queda condicionada ao cumprimento da normativa da Unión Europea nesta materia.

Por todo isto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión das subvencións da Consellería de Economía e Industria para apoiar a realización de actuacións e estratexias no ámbito da promoción e internacionalización, que incidan na capacidade competitiva das empresas galegas e que se inclúen como anexo I.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2009 (procedemento administrativo IN515B).

Artigo 2º.-Solicitudes.

1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II e anexo III desta orde, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 5º das bases reguladoras.

2. Os formularios de solicitude de axuda deberaos obter, cubrir, aceptar e imprimir necesariamente o solicitante a través da aplicación informática «Axudas Virtual» (procedemento IN515B) establecida na «Oficina virtual» desta consellería, sita no enderezo da internet: <http://economiaeindustria.xunta.es>. Tamén se pode acceder desde o enderezo <http://www.xunta.es/presentacion-electronica> da Xunta de Galicia, facendo uso do enlace dispoñible co procedemento IN515B. Estes modelos validados pola aplicación informática valerán tanto para a presentación en papel como para a presentación electrónica, que se describe no artigo seguinte.

Para cubrir correctamente os formularios de solicitude, no citado enderezo da internet disporanse instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polos solicitantes.

Poderanse cubrir e obter os formularios, na devandita aplicación informática, ata as 24.00 horas do día anterior á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Non obstante, soamente se poderá dispor de información e asistencia ata as 14.00 horas do día anterior á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Os anexos II e III desta convocatoria publícanse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) exclusivamente para efectos informativos, é necesario empregar a aplicación informática para a obtención dos formularios de solicitude. A presentación de solicitudes que non acheguen os formularios segundo o aquí indicado será motivo de inadmisión a trámite da solicitude.

3. Non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información, será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante Lei 9/2007).

Artigo 3º.-Prazo e lugar de presentación das solicitudes.

1. O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG ata o 24 de xullo de 2009, ambos os dous inclusive.

2. A presentación de solicitudes farase en formato papel ou en formato electrónico ante o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño, logo de obter, cubrir e validar os formularios de acordo co previsto no anterior artigo.

3. Tras validar e imprimir os formularios a través da aplicación informática, as solicitudes poderán presentarse en formato papel preferentemente no Rexistro Único da Xunta de Galicia, no complexo administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela. Non obstante, poderanse presentar no rexistro de calquera órgano da Xunta de Galicia, da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se teña subscrito o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante Lei 30/1992). Xunto cos formularios de solicitude poderá anexarse en formato electrónico a documentación a que se fai referencia no artigo 5º das bases reguladoras sempre que non sexa preciso achegar (en formato papel) orixinal ou copia compulsada. Para isto, no proceso de tramitación telemática (antes da validación dos formularios), permitiranse anexar á solicitude os arquivos informáticos necesarios, que deberán ter preferentemente formato PDF e non superar os 7MB cada arquivo individual.

4. As solicitudes tamén poderán presentarse en formato electrónico ante o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e terán que cumprir cos seguintes requisitos:

4.1. O solicitante deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 recoñecido pola plataforma de validación e sinatura electrónica @firma. Os prestadores recoñecidos son: DNI electrónico, Camerfirma, Izenpe, CatCert (Axencia Catalá de Certificación), ANF AC, SCR (Servizo de Certificación dos Rexistradores), ACA, ACCV (Autoridade de Certificación da Comunidade Valenciana), Ancert (Axencia Notarial de Certificación), FNMT (Fábrica Nacional de Moeda e Timbre), Firmaprofesional e *Banesto CA*.

4.2. Soamente terán validez os certificados dixitais expedidos exclusivamente a nome de persoas físicas

e non serán válidos aqueles certificados electrónicos que ademais estean vinculados a persoas xurídicas.

4.3. Segundo o establecido no artigo 35 da Lei 11/2007, do 23 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, a documentación que segundo o artigo 5º das bases reguladoras teña que achegar o solicitante xunto cos formularios de solicitude deberase anexar á solicitude mediante copias dixitalizadas, cuxa fidelidade co orixinal se garantirá mediante o emprego da sinatura electrónica avanzada. Para isto, no proceso de cumprimentación telemática (antes da validación dos formularios) permitiranse anexar á solicitude os arquivos informáticos necesarios, preferentemente con formato PDF e non superar os 7MB cada arquivo individual. A Administración pública poderá solicitar do correspondente arquivo ou rexistro o cotexo do contido das copias dixitalizadas achegadas. Ante a imposibilidade deste cotexo, e con carácter excepcional, poderalle requirir ao particular a exhibición do documento ou da información orixinal. A achega de tales copias implica a autorización á Administración para que acceda e trate a información persoal contida en tales documentos.

4.4. Unha vez asinados co certificado electrónico do presentador os formularios normalizados e todos os documentos que acompañen a solicitude, procederase á transferencia telemática da dita documentación ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia. Unha vez completado o proceso de transferencia telemática, efectuarase a anotación correspondente no Rexistro de Entrada. Nese momento, empregando as características da aplicación telemática, expedirase un recibo no cal quedará constancia do feito da presentación e que poderá ser impreso e gardado polo interesado. A obtención do dito recibo (no cal entre outros datos aparecerán a data, hora, minutos e segundos da presentación e o número de entrada no Rexistro Telemático) é o que lle garante ao solicitante que a presentación tivo lugar sen erros e serve para acreditar ante terceiros o dito feito.

4.5. De conformidade co disposto no artigo 10 da Lei 11/2007, o servizo de presentación electrónica ante o Rexistro Telemático respectará os principios de accesibilidade e usabilidade de acordo coas normas establecidas ao respecto, estándares abertos e, de ser o caso, aqueloutros que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns. Estes principios non impiden que algún estándar particular non estea dispoñible.

Artigo 4º.-Prazo de duración do procedemento de concesión.

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a 9 meses.

Dentro deste prazo, e dado o carácter de concorrencia competitiva da convocatoria, poderanse realizar mediante publicación no *Diario Oficial de*

Galicia os requirimentos de emenda e subsanación de erros nas solicitudes, así como as notificacións das resolucións correspondentes.

Artigo 5º.-Información aos interesados.

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN515B, poderase obter documentación ou información adicional na Secretaría Xeral, a través das seguintes canles:

- a) A páxina web oficial da consellería (<http://economiaeindustria.xunta.es>), na súa epígrafe de «Axudas» e na «Oficina virtual».
- b) Os teléfonos 881 99 90 03, 981 54 55 53 e 881 99 94 29 e o fax 981 54 47 06.
- c) O enderezo electrónico cei.axudassecretaria@xunta.es.
- d) Presencialmente.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia, que é o 012 para as chamadas efectuadas desde a Comunidade Autónoma de Galicia e o 902 12 00 12 para as procedentes do resto do Estado.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Habilitación para o desenvolvemento.

Facúltase o secretario xeral da Consellería de Economía e Industria para que dite as disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento e a aplicación desta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2009.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a empresas galegas para a realización de actuacións e estratexias de promoción e internacionalización (IN515B)

Artigo 1º.-Obxecto e réxime das subvencións.

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto incentivar o desenvolvemento de actuacións e estratexias de difusión, promoción, acceso a mercados e de apoio aos recursos humanos, xeradoras de vantaxes competitivas que incidan na proxección e posicionamento das empresas galegas nos mercados de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O procedemento de concesión desta subvención tramitarase en réxime de concorrencia competitiva e quedará suxeito ao Regulamento (CE) 1998/2006, da comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de

minimis (DOUE do 28-12-2006). Así mesmo, quedará suxeito aos regulamentos (CE) 1080/2006 (DOUE 31-7-2006), 1083/2006 (DOUE 31-7-2006) e 1828/2006 (DOUE 15-2-2007) relativos ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

Artigo 2º.-*Actuacións e gastos subvencionables.*

As actuacións subvencionables que se relacionan a seguir están cofinanciadas polos fondos Feder, polo cal deberán observarse as indicacións de publicidade recollidas no artigo 16º letra j) das bases reguladoras.

1. Descrición das actuacións e gastos subvencionables.

Segundo o obxecto e réxime das subvencións recollidos nestas bases reguladoras, consideraranse subvencionables os seguintes tipos de actuacións que se describen a seguir:

Tipo a) Actuacións de difusión:

As axudas destinaranse a cubrir os gastos derivados da execución das seguintes actuacións:

Subtipo a.1) Actuacións de difusión e divulgación con fins promocionais realizadas a través de campañas ou insercións en medios de comunicación, sempre que a súa difusión se realice fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

Gastos subvencionables:

Terán a consideración de gastos subvencionables todos os relativos ao deseño, elaboración, edición, tradución, impresión e, de ser o caso, a inserción.

Subtipo a.2) Actuacións de difusión e divulgación con fins promocionais realizadas a través da elaboración de material promocional como catálogos, folletos e similares, en calquera soporte, que conteñan información da empresa beneficiaria e que contribúan á divulgación e coñecemento dos seus produtos fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

Gastos subvencionables:

Terán a consideración de gastos subvencionables todos os relativos ao deseño, elaboración, edición, tradución, impresión e, de ser o caso, a inserción.

Tipo b) Actuacións de promoción:

As axudas destinaranse a cubrir os gastos derivados da execución das seguintes actuacións:

Subtipo b.1) Actuacións de promoción a través da participación en feiras, desfiles, certames e outros eventos expositivos sectoriais de carácter profesional que se celebren fóra do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Gastos subvencionables:

Neste caso terán a consideración de gastos subvencionables o alugamento de espazos e servizos; a construción, montaxe e decoración de expositores; o transporte do material de exposición; a inserción e

o seguro obrigatorio; a inserción no catálogo da feira; o estilismo; a fotografía; modelos; os traballos de gabinetes de comunicación específicos para o evento e, cando se trate de asistencia a feiras e eventos no estranxeiro, a contratación de intérpretes.

Subtipo b.2) Actuacións de promoción a través de oficinas permanentes de promoción, espazos e salas de exhibición localizados fóra de Galicia nos mercados estatais e internacionais, de cara a favorecer a promoción a través de exposicións permanentes.

Gastos subvencionables:

Terán a consideración de gastos subvencionables os alugueres de oficinas e outros espazos, así como os traballos de gabinetes de comunicación específicos para estas actuacións. Con respecto aos espazos, tamén será subvencionable o seu deseño, a súa construción e decoración.

Tipo c) Actuacións de acceso a mercados:

Subtipo c.1) Acceso aos mercados externos a Galicia (estatais e internacionais) a través do desenvolvemento dunha estratexia de expansión dunha marca: elaboración dun proxecto de expansión de marca dirixida aos mercados de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, como vía de acceso, comunicación e fidelización; así como a materialización dos acordos con terceiros.

Gastos subvencionables:

*Os gastos de consultoría externa e asistencia técnica que engloben o desenvolvemento dos traballos necesarios para a elaboración do proxecto, tales como a análise e definición de:

-Viabilidade técnica, produtiva, comercial e económico-financeira do proxecto.

-Requirimentos técnicos, comerciais ou loxísticos.

-Busca e localización de aliados estratéxicos.

*Gastos de asesoramento xurídico e legal que deriven da elaboración do proxecto.

*Os gastos de rexistro e notariais que deriven da formalización de acordos.

*Para o caso de proxectos elaborados con anterioridade á publicación desta orde, subvencionaranse unicamente os gastos de rexistro, notariais e de asesoramento, sempre e cando estean debidamente xustificadas na memoria presentada polo solicitante.

En todo caso, para que os gastos sexan subvencionables, faise necesario achegar o proxecto de referencia na fase de xustificación.

Subtipo c.2) Acceso aos mercados internacionais a través da realización dunha estratexia de licenza de marca: elaboración dun proxecto que englobe o estudo de novas liñas de negocio amparadas en licenzas de marca orientadas ao acceso aos mercados internacionais así como a materialización dos acordos

con terceiros. Os solicitantes terán que ser os titulares das devanditas marcas.

Gastos subvencionables:

*Os gastos de consultoría externa e asistencia técnica que engloben o desenvolvemento dos traballos necesarios para a elaboración do proxecto, tales como a análise e definición de:

-Viabilidade técnica, produtiva, comercial e económico-financeira do proxecto.

-Requirimentos técnicos, comerciais ou loxísticos.

-Busca e localización de aliados estratéxicos.

*Gastos de asesoramento xurídico e legal que deriven da elaboración do proxecto.

*Os gastos de rexistro e notariais que deriven da formalización de acordos.

*Para o caso de proxectos elaborados con anterioridade á publicación desta orde, subvencionaranse unicamente os gastos de rexistro, notariais e de asesoramento, sempre e cando estean debidamente xustificadas na memoria presentada polo solicitante.

En todo caso, para que os gastos sexan subvencionables, faise necesario achegar o proxecto de referencia na fase de xustificación.

Subtipo c.3) Acceso aos mercados estatais e internacionais a través do deseño de estratexias adaptadas á empresa: elaboración de plans estratéxicos e/ou estudos de:

*Mercado.

*Loxística.

*Abastecemento de materias primas e produtos intermedios.

*Requirimentos técnicos e comerciais.

*Cooperación.

*Mercadotecnia internacional.

*Implantación exterior, tanto comercial como produtiva.

Gastos subvencionables:

Os gastos de consultoría externa que engloben o desenvolvemento dos traballos necesarios para a elaboración do plan e/ou estudo. En todo caso, para que os gastos sexan subvencionables, faise necesario achegar o proxecto de referencia na fase de xustificación.

Subvención máxima:

A subvención máxima total por esta actuación e por solicitante non poderá superar os 15.000 euros.

Subtipo c.4) Acceso aos mercados internacionais a través de participación en licitacións públicas internacionais.

Gastos subvencionables:

Será subvencionable a asistencia técnica para a preparación e presentación de ofertas a licitacións e concursos convocados por institucións financeiras multilaterais para países de fóra da Unión Europea, incluídos os gastos de tradución.

En todo caso, para que os gastos sexan subvencionables será requisito indispensable presentar, na fase de xustificación, a acreditación da presentación á licitación correspondente.

Tipo d) Actuacións de apoio aos recursos humanos: xestores de comercio exterior.

As axudas destinaranse a favorecer os procesos de internacionalización daquelas empresas galegas que polo seu tamaño ou forma organizativa non dispoñan de persoal propio dedicado exclusivamente ás tarefas de internacionalización e, deste xeito, poidan obter os servizos profesionais que as axuden a elaborar e executar a súa propia estratexia de comercialización exterior. As axudas irán encamiñadas á contratación de servizos para a internacionalización da empresa.

Gastos subvencionables:

Serán subvencionables os servizos de asesoramento para a creación dun departamento de comercio exterior na empresa, efectuado a través dun xestor de comercio exterior que desenvolverá o seu traballo na empresa beneficiaria. É requisito imprescindible para acceder á subvención que o xestor proposto pola empresa que preste o servizo de asesoramento dispoña dalgún dos seguintes títulos: máster de dirección e xestión en comercio exterior, especialista en consultoría internacional ou outros similares; ou ter sido bolseiro do Foexga, do ICEX ou do Igape. Para tales efectos, xunto coa solicitude de subvención, presentárase un orixinal ou unha copia compulsada do título solicitado ou da acreditación de ter sido bolseiro do Foexga, do ICEX ou do Igape.

No orzamento presentado coa solicitude e nos documentos xustificativos da prestación dos servizos deberá figurar a seguinte mención especial dos servizos que se contratan: «Servizos de asesoramento e xestión en tarefas de comercio exterior». A empresa beneficiaria non poderá estar desenvolvendo o Programa PIPE ou o Programa Seguimento PIPE.

2. Consideracións xerais sobre os gastos subvencionables.

Con carácter xeral e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante Lei 9/2007), considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionable.

Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados entre o 1 de xaneiro de 2009 e a data límite de xustificación establecida no artigo 18º destas bases reguladoras, coa excepción dos gastos efectuados no 2008 exixidos en concepto

de anticipo para a participación en eventos expositivos do 2009. Todos os investimentos deberán estar plenamente realizados, operativos e verificables na data límite de xustificación do proxecto.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado. Así mesmo, a Comisión de Valoración poderá considerar como non subvencionables, ou limitar a súa porcentaxe en relación ao investimento subvencionable total da actuación, á vista das solicitudes presentadas, aqueles conceptos que se consideren menos críticos para o normal desenvolvemento da actuación.

Os provedores dos bens ou servizos están suxeitos ás condicións legais sobre a subcontratación de actividades subvencionadas citadas no artigo 17º destas bases reguladoras e, en todo caso, non poderán estar vinculados coa entidade solicitante ou con seus órganos directivos e xestores, agás que concorran as circunstancias previstas no artigo 27.7º d) da Lei 9/2007.

As entidades deberán identificar nas súas solicitudes o tipo e subtipo que se corresponda coas actuacións subvencionables que se presentan.

3. Actuacións e gastos non subvencionables

Quedan expresamente excluídos do ámbito de aplicación desta orde os gastos seguintes:

-Os gastos de persoal e calquera outro derivado da actividade habitual da empresa solicitante.

-Os custos de envíos, invitacións, regalos promocionais e os relativos a celebración de cócteles e actos análogos.

-Deseño e creación de páxinas web.

-O imposto sobre valor engadido (IVE).

-Gastos de actuacións realizadas ou dirixidas ao ámbito da Comunidade Autónoma galega.

-Viaxes e aloxamentos.

-Aqueles gastos que resulten de carácter xeneralista ou non estean expresamente referidos á actuación concreta que se propón para a subvención.

-Catálogos, folletos e outro material que non estean dirixidos estritamente a fins promocionais.

-Aqueloutros que non estean directamente vinculados coa realización da actuación subvencionable.

Artigo 3º.-Financiamento e concorrencia.

1. Para a concesión das axudas que terán a modalidade de subvención destinarase o crédito correspondente á aplicación orzamentaria que se menciona:

Aplicación: 10.04.741A.770.3.

Denominación: achegas para promoción e internacionalización.

Ano 2009 (euros): 4.214.156,00.

A dita aplicación orzamentaria está cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

Este importe entenderase máximo sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte da aplicación dos criterios do artigo 10º destas bases reguladoras.

2. Baixo esta convocatoria, en ningún caso poderá concederse a un mesmo solicitante unha subvención por máis de 70.000 euros nin superior ao 50% do investimento subvencionable.

3. Ao estar este réxime de axudas suxeito ao Regulamento (CE) 1998/2006 relativo a axuda *de minimis* (DOUE 28-12-2006), deberase garantir que no caso de recibir o beneficiario outras axudas suxeitas ao réxime *de minimis* non supera o límite de 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais (2007, 2008 e 2009). Estes límites aplicaranse independentemente da forma da axuda *de minimis* ou do obxectivo perseguido. O período determinarase tomando como referencia os dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal en curso, de acordo co establecido no artigo 2 do citado regulamento.

4. O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o 100% do custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

Artigo 4º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, as empresas privadas con domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia, xa sexan persoas físicas ou xurídicas.

Os beneficiarios deberán reunir os requisitos que fundamentan a concesión así como os demais que se prevexan nesta orde e na normativa aplicable.

2. De acordo co disposto no artigo 1 do Regulamento (CE) nº 1998/2006 (DOUE 28-12-2006), da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*, non terán a condición de beneficiarios as seguintes empresas:

-Aqueles que operan nos sectores da pesca e a acuicultura segundo se recolle no Regulamento (CE) nº 104/2000, do Consello.

-Aqueles que operan na produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do tratado.

-Aqueles que operan na transformación e comercialización dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do tratado nos casos establecidos na letra c)

do artigo 1.1º do Regulamento (CE) nº 1998/2006, *de minimis*.

-Aquelas cuxas actividades están relacionadas coa exportación a países terceiros ou Estados membros, é dicir, as axudas vinculadas directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade exportadora.

-Aquelas que condicionen a utilización de bens nacionais con preferencia sobre os bens importados.

-As empresas activas no sector do carbón, segundo se define no Regulamento (CE) nº 1407/2002.

-Aquelas que realicen por conta allea operacións de transporte de mercadorías por estrada e soliciten a adquisición de vehículos de transporte de mercadorías.

-Aquelas que están en crise.

3. Non poderán acadar a condición de beneficiario aqueles solicitantes nos cales conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007. A acreditación de non estar incurso nas ditas prohibicións realizarase mediante declaración responsable da empresa interesada que se presentará ao mesmo tempo que a solicitude, tal como se recolle no anexo III.

Artigo 5º.-Solicitudes.

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indican no artigo 3º da orde de convocatoria.

2. Xunto coas solicitudes deberá achegarse a seguinte documentación:

2.1. Formularios normalizados de solicitude compostos polos anexos II e III, obtidos a través da aplicación informática sinalada no artigo 2 da convocatoria, debidamente asinados polo(s) representante(s) legal(is) da entidade correspondente:

2.1.a. Anexo II (modelo normalizado da solicitude).

Inclúe datos identificativos do solicitante e das actuacións subvencionables.

2.1.b. Anexo III (modelo de declaración responsable) que conterà as seguintes declaracións:

-Declaración expresa de que os datos que figuran na solicitude e demais documentación son certos e que a empresa solicitante, e de ser o caso participante, pertence á categoría de microempresa, pequena ou mediana empresa, de acordo co cumprimento dos criterios establecidos pola recomendación da Comisión Europea do 6 de maio de 2003.

-Declaración expresa de que coñece e admite as condicións da convocatoria e cumpre cos requisitos establecidos nela.

-Declaración expresa de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007.

-Declaración expresa de que respecta a prohibición de subcontratación cos provedores de bens ou servizos en que recaian algunha das condicións establecidas no artigo 27 da Lei 9/2007 e de que os provedores non están vinculados coa entidade solicitante ou con algún dos seus órganos directivos ou xestores (de estar vinculados, farase constar de maneira expresa neste punto).

-Declaración expresa sobre a concesión ou solicitude doutras axudas ou subvencións para o mesmo proxecto e conceptos, procedentes de calquera administración ou entes públicos, nacionais ou internacionais.

-Declaración expresa sobre a concesión ou solicitude doutras axudas por calquera concepto suxeitas ao réxime *de minimis* nos anos fiscais 2007, 2008 e 2009.

-Declaración expresa sobre a súa actividade principal e sobre o grupo e epígrafe do imposto de actividades económicas que corresponda.

-Declaración expresa do coñecemento de que a solicitude da axuda leva consigo a autorización para que o órgano xestor solicite telematicamente as certificacións que emiten a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda de estar ao día nas obrigas cos ditos organismos, así como o certificado do imposto de actividades económicas que emite a Axencia Tributaria, que autorice, ou non autorice, se é o caso, a Consellería de Economía e Industria para facer as ditas consultas telemáticas.

-Declaración expresa do coñecemento da facilidade de que lle dá o órgano xestor a non presentar escrituras inscritas no Rexistro Mercantil para o caso de entidades mercantís con administrador único, solidario e mancomunado e se fai uso desta opción.

2.2. Documentación xurídico-administrativa da empresa solicitante (orixinal ou copia compulsada) que deberá estar en vigor:

2.2.a) Para empresarios individuais:

Documento nacional de identidade (DNI), NIF, NIE, ou documento que acredite a personalidade do solicitante.

2.2.b) Para entidades sen personalidade xurídica:

1. Documento privado ou público de constitución actualizado, no cal figure a identificación de todos os seus integrantes, a súa cota de participación e o obxectivo da entidade, asinado por todos os seus membros.

2. NIF da entidade solicitante. Se o NIF para presentar dispón de código electrónico de verificación coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), poderá presentar documento sen compulsar.

3. Documento acreditativo de poder suficiente para actuar ante a Administración pública en nome e representación da entidade solicitante, cando esa acreditación non conste no documento constitutivo

da empresa (este documento deberá estar asinado por todos os integrantes da entidade).

4. Documento nacional de identidade (DNI), NIF, NIE ou documento que acredite a personalidade de cada un dos integrantes da entidade solicitante.

2.2.c) Para entidades con personalidade xurídica:

1. NIF da entidade solicitante. Se o NIF para presentar dispón de código electrónico de verificación coa AEAT, poderá presentar documento sen compulsar.

2. Documento acreditativo de poder suficiente para actuar ante a Administración pública en nome e representación dunha persoa xurídica. Esta acreditación realizarase achegando calquera dos seguintes documentos:

i. Certificado expedido polo Rexistro Mercantil ou outros rexistros públicos necesarios para ter personalidade xurídica (Rexistro de Cooperativas, etc.) no cal se identifique aos representantes ou apoderados da entidade solicitante, así como o alcance de dita representación e vixencia.

ii. Documento público de outorgamento do poder ou, de ser o caso, o do nomeamento do representante, que deberá presentarse íntegro, onde deberá figurar expresamente a súa inscrición no rexistro que legalmente lle puiden corresponder.

3. Documento nacional de identidade (DNI), NIF, NIE ou documento que acredite a personalidade do representante legal. No caso de representación mancomunada deberán presentarse os correspondentes DNI, NIE, NIF ou documentos que acrediten as personalidades de todos os representantes.

2.2.d) No caso que se solicite subvención para as actuacións de apoio aos recursos humanos: xestores de comercio exterior, recollida no tipo d) do artigo 2º.1 das bases reguladoras, orixinal ou unha copia compulsada do título solicitado ou da acreditación de ter sido bolseiro do Foexga, do ICEX ou do Igape do xestor de comercio exterior proposto.

2.2.e) No caso que se solicite subvención para a actuación de acceso a mercados recollida nos tipos c.1) e c.2) do artigo 2º.1 das bases reguladoras, acreditación do rexistro da marca galega.

Independentemente da forma xurídica da entidade solicitante, poderase exercer o dereito a non presentar parcialmente ou na súa totalidade a documentación xurídico-administrativa antes sinalada empregando os seguintes medios:

1. De acordo co disposto no artigo 35.f) da Lei 30/1992 e no artigo 20.3º da Lei 9/2007, non será necesario presentar a documentación xurídico-administrativa cando o solicitante declare que esta xa se atopa en poder desta consellería, sempre que se manteña vixente e se identifique nos formularios normalizados de solicitude o ano de presentación e o código de procedemento administrativo para o cal foi presentada e non pasasen máis de 5 anos desde esa presentación.

2. De acordo co disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non será necesario presentar os DNI, NIE ou NIF cando o solicitante declare no anexo III dos formularios que coñece o previsto neste artigo, no referente a que a presentación da solicitude da axuda leva consigo a autorización ao órgano xestor para obter da Axencia Estatal da Administración Tributaria os datos identificativos incorporados nos devanditos documentos.

3. Para o caso de entidades con personalidade xurídica, non será necesario presentar os DNI, NIE ou NIF dos representantes legais cando se presente como documento acreditativo de poder suficiente o documento público establecido no punto 2.2.c)ii deste artigo.

4. De acordo co disposto no artigo 6.2º.b e no artigo 9 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, no caso de representantes de sociedades mercantís que teñan plenos poderes de administración tales como a Administración única, Administración solidaria ou mancomunada, ou mesmo o cargo de conselleiro delegado, non será necesario presentar o documento acreditativo do poder de representación, sempre que o solicitante faga uso desta opción e así o indique na declaración expresa do anexo III (folia 1, número 7) dos formularios.

No suposto de imposibilidade material de obter a documentación ou a información conforme os puntos anteriores ou se se constatase a súa invalidez, o órgano competente poderá requirir do solicitante a súa presentación ou, non seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2.3. Documentación técnica relativa ás actuacións que se presentan (orixinal ou copia compulsada), que deberá cumprir co disposto no punto seguinte: memoria técnica explicativa, na cal se detallarán todos os aspectos inherentes ao desenvolvemento das actuacións que serán obxecto de valoración competitiva conxunta. Para facilitar a súa elaboración, así como a súa valoración, inclúese un índice de referencia no anexo IV. Esta memoria deberá ir asinada polo representante e co selo da entidade solicitante.

2.4. Documentación económica identificativa das contías dos investimentos. Segundo o artigo 29.3º da Lei 9/2007, no caso de que o importe do investimento (sen IVE) supere a contía de 12.000 euros, o solicitante deberá obter e achegar xunto coa solicitude copia de, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contracción de compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben. Considerando o anterior, deberá achegarse a documentación disposta nos parágrafos seguintes:

2.4.a) Orixinal ou copia (simple) ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas detalladas dos investimentos sobre os cales se solicita a axuda, obtidos dos provedores seleccionados polo solicitante, con independencia da contía dos investimentos.

Non terán a consideración de orzamentos as estimacións de gastos realizadas polo solicitante e que carezan do soporte da oferta do provedor ou tarifa oficial do gasto. Toda oferta e orzamento contará cos datos e requisitos que se citan a continuación, sen prexuízo dos que poidan resultar obrigatorios para outros efectos e da posibilidade de engadir calquera outra mención:

-Nome e apelidos, razón ou denominación social completa tanto do provedor coma do solicitante.

-Número de identificación fiscal do provedor e do solicitante.

-Data de emisión, que deberá ser posterior ao 1 de xaneiro de 2009 e con vixencia no momento de presentación da solicitude (coa excepción recollida no artigo 2º.2.).

-Descrición técnica da actuación, co suficiente grao de detalle para a súa adecuada identificación e definición.

-Importe unitario e importe total de adquisición (importes sen IVE).

2.4.b) De ser o caso, por superarse a contía de 12.000 € no investimento subvencionable a un mesmo provedor, orixinal ou copia (simple) ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas que non foron seleccionados polo solicitante para a realización do proxecto (dous como mínimo).

2.4.c) De ser o caso, por superarse a contía de 12.000 € no investimento subvencionable a un mesmo provedor, memoria económica xustificativa (orixinal) da elección dos provedores asinada polo/s representante legal/is da entidade solicitante, nos seguintes casos:

-Cando a elección do provedor non recaia na oferta económica máis vantaxosa, das tres que como mínimo obtivo o solicitante.

-Cando polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.

-Cando o gasto se realizase con anterioridade á solicitude de subvención, feito que se acreditará nesta memoria xustificativa mediante factura co seu correspondente pagamento.

Non existe a obriga de presentar esta memoria xustificativa cando a elección do provedor recaia na oferta económica máis vantaxosa das tres que, como mínimo, obtivo o solicitante.

Malia o anterior, poderase solicitar cambio de provedores ata o 4 de decembro de 2009 (este inclusive). En todo caso, xunto coa solicitude motivada deste cambio, achegarase a documentación económica identificativa das contías dos investimentos e un novo exemplar actualizado e asinado do anexo III (folla 1).

Non se considerarán subvencionables, parcial ou totalmente, aqueles investimentos dos cales non se presente documentación económica completa conforme o aquí recollido.

2.5. Certificados da Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda.

Como caso xeral, estes certificados non teñen que ser achegados, xa que a solicitude da axuda leva consigo a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda.

Excepcionalmente, no caso de que o solicitante denegue expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio estas certificacións, facéndoo constar nos propios formularios de solicitude, deberá achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada) que deberá estar en vigor:

2.5.a) Certificado acreditativo de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

2.5.b) Certificado acreditativo de estar ao día nas súas obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

2.5.c) Certificado acreditativo de estar ao día nas súas obrigas e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.5.d) Certificado acreditativo da alta no IAE, nunha epígrafe que se corresponda cunha actividade industrial, emitido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria. A alta no IAE ten que ter unha data anterior á da publicación desta orde.

Se o certificado dispón de código electrónico de verificación coa Administración pública correspondente, poderá presentarse este documento sen compulsar.

No caso de que o solicitante deba presentar estes certificados na fase de emenda, logo de que a consulta polo órgano xestor non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo órgano xestor, o cal se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

2.6. De ser o caso, certificados para os efectos de terse en conta na fase de valoración dos proxectos presentados, segundo os criterios establecidos no artigo 10º (orixinal ou copia compulsada) que deberán estar en vigor:

2.6.a) Certificados acreditativos da existencia na empresa de sistemas de xestión correspondentes aos referenciais recollidos na táboa seguinte, así como a existencia de memorias de responsabilidade social empresarial (RSE) verificadas por auditor externo. É

necesario que os certificados sexan emitidos por unha certificadora debidamente acreditada:

| Especificación | Descrición |
|---------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| UNE-EN ISO 9001 | Sistemas de xestión da calidade. Requisitos |
| UNE-EN ISO 14001 | Sistemas de xestión ambiental. Especificacións e directrices para a súa utilización |
| EMAS | Regulamento (CE) nº 76/2001, do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de marzo. Sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental (EMAS) |
| OSHAS 18001 | Xestión de riscos laborais |
| UNE 166001 | Xestión da I+D+I: requisitos dun proxecto de I+D+I |
| UNE 166002 | Xestión da I+D+I: requisitos do sistema de xestión da I+D+I |
| SA 8000 | Responsabilidade social |
| SGE 21 | Sistema de xestión ética e responsable |
| UNE 150301 | Xestión ambiental do proceso de deseño e desenvolvemento-ecodeseño |
| UNE-ISO/TS 16949. | Requisitos particulares para a aplicación da norma ISO 9001:2000 para a produción en serie de pezas de recambio na industria do automóbil |
| UNE-EN 9100 | Material aeroespacial. Sistemas de xestión da calidade. Requisitos (baseados na ISO 9001:2000) e sistemas da calidade. Modelo para a seguranza da calidade no deseño, desenvolvemento, produción, instalación e servizo (baseados na ISO 9001:1994) |
| UNE 162002-1/2 | Xestión forestal sustentable. Criterios e indicadores da unidade de xestión. |
| Certificación cadea de custodia | Certificación para comprobar que unha materia prima maderreira certificada polo PEFC procede de bosques certificados polo PEFC |
| ISO/IEC 27001 | Sistemas de xestión da seguranza da información |
| UNE-EN-ISO 22000 | Sistemas de xestión da seguranza alimentaria. Requisitos |
| IFS (<i>International Food Estándar</i>) | Estándar para auditar provedores de produtos alimenticios con marca de distribuidor |
| BRC (<i>British Retail Consortium Global Standard-Food</i>) | Estándar técnico para compañías de produtos alimenticios coa marca do retalista |
| UNE 175001 | Calidade de servizo para pequeno comercio |
| UNE-EN 13816 | Transporte, loxística e servizos. Transporte público de pasaxeiros. Definición da calidade do servizo, obxectivos e medicións |
| CMMI ou ISO-15504 (SPICE) | Metodoloxías de desenvolvemento de software |

Artigo 6º.-Consentimentos e autorizacións.

1. Para os efectos do previsto no parágrafo 3 do número 3º do artigo 20 da Lei 9/2007, a presentación da solicitude de concesión da subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia respecto á acreditación da alta no IAE, á obtención dos datos identificativos incorporados no NIF, ao cumprimento de atoparse ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, o solicitante poderá denegar o consentimento, facéndoo constar expresamente no formulario de solicitude, deberá presentar entón as certificacións a que fai referencia este punto.

2. Igualmente, de conformidade co mesmo artigo 20.3º da Lei 9/2007, se o solicitante indica que certa documentación que se deba usar neste procedemento xa consta no poder da consellería, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instrutor para acceder a esa documentación.

3. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de

creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consinte expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

4. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007.

Artigo 7º.-Órganos competentes.

A secretaria xeral será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención e corresponderalle ao conselleiro de Economía e Industria ditar a resolución de concesión.

Artigo 8º.-Instrución dos procedementos.

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, terase por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución. Este requirimento de emenda tamén se fará se fose necesario achegar documentación, logo de aplicarse o disposto no artigo 35 f) da Lei 30/1992, ou nos supostos de que das certificacións obtidas de conformidade co artigo 6º.1 destas bases ou se tras a consulta (nos casos establecidos no artigo 5º.2.2 destas bases reguladoras) realizada ao Rexistro Mercantil da acreditación do poder, se obtivese un resultado negativo da información consultada, non fose válida, con erros ou esta non existise nos termos identificados inicialmente polo solicitante. Nestes casos o solicitante deberá respotar ao requirimento achegando esa documentación orixinal ou copia cotexada.

2. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido nos artigos 59.6º b), 60 e 61 da Lei 30/1992, os requirimentos citados de emenda ou subsanación poderanse facer mediante publicación no DOG e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará no taboleiro electrónico de anuncios da páxina web da Consellería de Economía e Industria ao cal se remitirá desde o texto publicado no DOG, poderase facer indicación de que os seguintes actos administrativos deste procedemento serán notificados a través do citado taboleiro. Se a instrución do procedemento o aconsellase, o órgano competente poderá substituír esta publicación no DOG e na web

pola notificación individualizada de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 30/1992.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse o solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

5. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

Artigo 9º.-Comisión de Valoración.

1. A Comisión de Valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

2. A composición da Comisión de Valoración será a seguinte:

a) Presidente: o secretario xeral da Consellería de Economía e Industria.

b) Tres vogais: tres funcionarios/as do grupo A1 ou A2 de corpos xerais e/ou especiais da Xunta de Galicia adscritos á Secretaría Xeral da Consellería de Economía e Industria, en virtude da disposición transitoria terceira do Decreto 324/2009, do 11 de xuño.

c) Secretario/a: un/unha funcionario/a da Xunta de Galicia adscrito á Secretaría Xeral da Consellería de Economía e Industria, en virtude da disposición transitoria terceira do Decreto 324/2009, do 11 de xuño.

3. Os/as suplentes serán nomeados/as polo secretario xeral.

4. A comisión poderá estar asistida por expertos externos que serán nomeados pola secretaría xeral.

5. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, especificando a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos no artigo seguinte. Así mesmo, indicarse o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible.

6. Sen prexuízo do recollido nos puntos anteriores, á vista da documentación dispoñible ou como resultado da valoración obtida, a Comisión de Valoración poderá considerar como non viable técnica, económica ou financeiramente unha actuación presentada,

ben parcialmente ou ben na súa totalidade. Nese caso, eses investimentos non serán subvencionables.

7. A Comisión de Valoración, con carácter xeral para todas as actuacións presentadas, poderá establecer límites máximos de investimento subvencionable naqueles conceptos en que xustificadamente se considere necesario, segundo criterios de máxima eficiencia na asignación de recursos.

Artigo 10º.-Criterios de valoración.

As actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión da subvención e da súa intensidade, relacionados por orde decrecente de importancia, serán os seguintes (valoración realizada sobre un total de 100 puntos):

a) **Ámbito territorial da execución das actuacións (de 0 a 60 puntos):**

a-1) **Actuacións no ámbito internacional: (máximo 40 puntos).**

Para o outorgamento dos puntos que se relacionan nesta epígrafe, na memoria técnica a que se fai referencia no punto 2.3 do artigo 5º das bases reguladoras, deberá recollerse expresamente o ámbito internacional da actuación.

-Actuacións tipo a): actuacións de difusión.

Unha actuación: (5 puntos).

Dúas actuacións: (10 puntos).

Máis de dúas actuacións: (15 puntos).

-Actuacións tipos b) e c): actuacións de promoción e de acceso a mercados.

Unha actuación: (10 puntos).

Dúas actuacións: (15 puntos).

Máis de dúas actuacións: (25 puntos).

a-2) **Actuacións no ámbito nacional (fóra da Comunidade Autónoma de Galicia): (máximo 20 puntos).**

Para o outorgamento dos puntos que se relacionan nesta epígrafe, na memoria técnica a que se fai referencia no punto 2.3. do artigo 5º das bases reguladoras, deberá recollerse expresamente que a actuación se desenvolveu no ámbito nacional, fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

-Actuacións tipo a): actuacións de difusión.

Unha actuación: (2 puntos).

Dúas actuacións: (3 puntos).

Máis de dúas actuacións: (5 puntos).

-Actuacións tipos b), c) e d): actuacións de promoción, de acceso a mercados e de apoio aos recursos humanos.

Unha actuación: (5 puntos).

Dúas actuacións: (10 puntos).

Máis de dúas actuacións: (15 puntos).

b) Esfuerzo de promoción realizado segundo o tamaño da empresa solicitante (de 2 a 10 puntos).

-Microempresas: (10 puntos).

-Pequenas empresas: (6 puntos).

-Medianas empresas: (3 puntos).

-Grandes empresas: (2 punto).

Para a clasificación das empresas, segundo o seu tamaño, actuarase de acordo coa resolución da Comisión Europea do 6 de maio de 2003 (DOUE do 20 de maio) sobre definición de microempresa, pequena e mediana empresa, tendo en conta os seguintes criterios:

Microempresas. As que teñen menos de 10 traballadores e un límite de 2 millóns de euros para o volume de negocio e o balance xeral.

Pequenas empresas. As que teñen entre 10 e 49 traballadores e un límite de 10 millóns de euros para o volume de negocio e o balance xeral.

Medianas empresas. As que teñen entre 50 e 249 traballadores. O límite do volume de negocio é de 50 millóns de euros e o do balance xeral de 43 millóns de euros.

Grandes empresas. As que superen os límites fixados para a definición de medianas empresas.

O cómputo de efectivos de persoal e os límites en caso de empresas asociadas ou vinculadas accionarialmente con terceiras deberá efectuarse como dispón o artigo 6º, números 2 e 3, do anexo da citada recomendación da comisión.

c) Certificados que acrediten a existencia na empresa dos sistemas de xestión referenciados no punto 2.6.a) do artigo 5º destas bases, así como a existencia de memorias de RSE verificadas por auditor externo (de 0 a 10 puntos).

d) Grao de definición, concreción e claridade da memoria técnica (que deberá recoller como mínimo os contidos que se inclúen no índice que figura como anexo IV) (de 0 a 10 puntos).

e) Solicitude presentada correctamente, sen que sexa necesaria a súa rectificación nin petición de documentación complementaria (10 puntos).

Para os efectos de aplicación deste criterio non se considerará rectificación se o solicitante se acolle-

se ao previsto no artigo 35 f) da Lei 30/1992 e existise imposibilidade material de acceder á documentación en poder desta consellería. Para estes mesmos efectos tampouco se considerará rectificación a petición ao solicitante dos certificados respecto á acreditación da alta no IAE, cumprimentos de obrigas ou acceso aos datos identificativos necesarios con outras AA.PP., se o solicitante autorízase o órgano xestor e non obtívase un resultado positivo. Tampouco se considerará rectificación se tras a consulta do órgano xestor, en relación á acreditación do poder no Rexistro Mercantil (nos casos establecidos no artigo 5º.2.2 destas bases), se obtívase un resultado negativo.

As axudas serán adxudicadas a aquelas solicitudes que obtivesen maior avaliación en aplicación dos anteriores criterios dentro dos límites fixados no artigo 3º destas bases e ata onde chegue o crédito dispoñible. No caso de que máis dunha solicitude obtívase a mesma puntuación, a orde de desempate será a establecida pola orde decrecente de importancia dos criterios de avaliación.

Artigo 11º.-*Audiencia.*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 12º.-*Resolución e notificación.*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a Comisión de Valoración formulará a proposta de resolución, que se elevará, a través do órgano instructor, ao conselleiro.

2. O conselleiro, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, as actuacións que se subvencionan e o seus custos, así como a subvención concedida e a súa contía, ou, de ser o caso, a causa de denegación.

En ningún caso o importe da subvención concedida poderá superar o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario, ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable legalmente establecida.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de nove meses contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que se ditase resolución expresa, os interesados poderán entender

desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da indicada lei, poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Economía e Industria. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada. Coa publicación no DOG poderase remitirse aos beneficiarios a que consulten información detallada da resolución nun taboleiro da citada web.

As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas de desestimación. Non obstante, poderase substituír a dita notificación individual pola publicación no DOG, coa indicación de que os non beneficiarios consulten a información detallada da súa resolución nun taboleiro da citada web.

Artigo 13º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Economía e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 14º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, ou á súa revogación, no caso de considerarse que a modificación implique unha variación substancial do proxecto inicial.

2. O órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución por instancia do/a beneficiario/a e deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que se acredite a inexistencia de prexuízos a terceiros.

b) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.

c) Que a modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade desta orde.

3. O beneficiario deberá facer unha solicitude motivada da dita modificación mediante instancia dirixida ao conselleiro de Economía e Industria acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos reflectidos no punto anterior, ata o 19 de novembro de 2009 (este inclusive). De non facelo, implicará a perda da subvención afectada pola modificación e no caso de que esta implique unha variación substancial do proxecto inicial, a perda total da subvención concedida.

4. A conformidade expresa da Consellería de Economía e Industria ás mencionadas modificacións requirirá informe favorable da secretaría xeral e só será outorgada cando non se altere significativamente o proxecto inicial e se cumpran os requisitos antes indicados.

5. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Economía e Industria logo da instrución do correspondente expediente en que se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos no artigo 11º das bases reguladoras.

6. Non se admitirán nin aprobarán modificacións que supoñan unha execución total inferior ao 50% do investimento subvencionable inicialmente aprobado.

Artigo 15º.-*Aceptación e renuncia.*

Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, transcorridos quince días naturais desde a notificación ou publicación desta sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo V, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992.

Artigo 16º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

Son obrigas das empresas beneficiarias:

a) Realizar as actuacións que fundamenta a concesión da subvención.

b) Acreditar ante a entidade concedente a realización do investimento, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión da axuda, no prazo sinalado na convocatoria ou excepcionalmente o que se sinale na resolución cando esta sexa consecuencia da estimación dun recurso potestativo de reposición.

c) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, que se atopa ao día das súas obrigas tributarias estatais e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma. No caso que as actuacións de oficio levadas a cabo polo órgano instrutor, consonte co artigo 20.3º da Lei 9/2007, desen como resultado que o solicitante ou o beneficiario ten débedas ou obrigas con algunha destas administracións, requirírase o solicitante ou beneficiario para que regularice a situación e presente por sí mesmo o correspondente certificado.

d) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de fiscalización e control que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa axuda concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e, se é o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

e) Comunicar á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Por estar esta convocatoria suxeita ao réxime *de minimis* tamén deberá comunicarse calquera axuda obtida polo beneficiario baixo este réxime neste ano fiscal e nos dous anteriores. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao/a beneficiario/a en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Manter os investimentos subvencionados, conservar toda a documentación relacionada coa axuda outorgada e a aplicación dos fondos recibidos, durante un período de cinco anos desde a súa concesión.

h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

i) Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos, no suposto de incumprimento das

condicións establecidas para a súa concesión, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007.

j) Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e do Regulamento (CE) 1828/2006 (DOUE 15-2-2007). En concreto, as entidades beneficiarias de axudas deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación ao proxecto subvencionado, o cofinanciamento dos seus activos con fondos europeos Feder, así como pola Xunta de Galicia a través da Consellería de Economía e Industria de acordo co disposto na regulamentación comunitaria nesta materia. Para isto empregarán a lenda «Proxecto cofinanciado», acompañado do escudo normalizado da Xunta de Galicia coa lenda «Consellería de Economía e Industria-Secretaría Xeral» e do emblema normalizado da Unión Europea coa lenda «Unión Europea. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional», así coma a lenda «Unha maneira de facer Europa». No enderezo da internet <http://economiaeindustria.xunta.es> pódense atopar no enlace «Axudas Consellería de Economía e Industria» e, dentro deste, no sitio dedicado ao procedemento IN515B, as instrucións respecto á devandita publicidade.

Artigo 17º.-*Subcontratación.*

A subcontratación realizarase de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, e pode acadar o custo total da actividade proposta.

En todo caso respectarase a prohibición de subcontratación cos provedores de bens ou servizos en que recaia algunha das condicións establecidas no devandito artigo 27 da Lei 9/2007, e no artigo 68 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Faise especial indicación de que os provedores non poderán estar vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores; porén, con carácter excepcional, o órgano concedente poderá outorgar a súa autorización cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.

b) Que o solicitante achegue a súa xustificación razoada do seu carácter excepcional.

c) Que se solicite a súa autorización previa (a solicitude de autorización e a súa xustificación presentáranse xunto coa solicitude de subvención).

Artigo 18º.-*Xustificación da subvención.*

1. Para cobrar a subvención concedida, o beneficiario deberá presentar un exemplar da seguinte documentación xustificativa (en orixinal ou copia

compulsada), nos lugares sinalados no artigo 3º da convocatoria e terá de prazo para presentala ata o 4 de decembro de 2009 (este inclusive).

a) Solicitude de libramento da subvención (modelo dispoñible na web da Consellería de Economía e Industria).

b) Memoria final en que se constate a realización da actividade e o grao de cumprimento dos obxectivos marcados, e na cal deberán quedar descritas e identificadas as actuacións realizadas. Deberá indicarse expresamente a qué conceptos subvencionables corresponden as facturas presentadas. Esta memoria deberá ir asinada polo representante e co selo da entidade solicitante.

c) Copia en formato electrónico (CD ou DVD) dos contidos das actuacións realizadas [insercións, folletos, catálogos, fotografías das actuacións de promoción (expositores en feiras, oficinas de promoción, etc.), proxectos, acordos, estudos, plans e demais documentación], para os efectos de poder comprobar que as devanditas actuacións foron realmente executadas e que nelas se fixo publicidade do financiamento da Xunta de Galicia e dos fondos Feder, segundo o sinalado na letra j) do artigo 16º destas bases.

d) Relación nominativa de facturas agrupadas e ordenadas por actuacións subvencionables, facendo constar para cada documento o seu número de orde, data de expedición, expedidor, concepto, importe en euros e data de pagamento (especificando, se é o caso, o tipo de cambio aplicado). Para tales efectos, na web da Consellería de Economía e Industria estará dispoñible un modelo de táboa para facilitar a elaboración da dita relación.

e) Xustificantes dos investimentos: facturas dos provedores elixidos (conforme o punto 2.4 do artigo 5º destas bases) e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa nos termos que se establezan regulamentariamente (importe sen IVE e importe total), en relación cos gastos subvencionables, emitidas dentro do período comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite de xustificación do proxecto.

f) Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite da xustificación do proxecto. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo. Non se admitirán como xustificantes os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria.

g) Declaración complementaria de axudas obtidas e solicitadas para os mesmos conceptos e actuacións para os cales se concedeu esta subvención en calque-

ra outra administración, organismos ou entes públicos ou privados. No caso de ser beneficiario dalgunha axuda ou subvención para a mesma actuación, deberá achegarse a documentación necesaria para a súa valoración para os efectos da súa concorrencia coa axuda outorgada. Por estar esta convocatoria suxeita ao réxime *de minimis* tamén deberá comunicar calquera axuda obtida polo beneficiario baixo este réxime neste ano fiscal e nos dous anteriores.

h) Certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, na cal conste a razón social e o NIF da entidade subvencionada así como o ordinal bancario, código de banco, código de sucursal e código de conta corrente.

i) Excepcionalmente, no caso de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio estas certificacións, deberá achegar certificados de que se atopa ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma.

j) No seu caso, a acreditación da presentación á licitación correspondente, se se fixo unha actuación subtipo c.4) do artigo 2.1º.

k) Calquera outro documento que se requira durante a tramitación do expediente para a verificación do proxecto.

2. Transcorrido o prazo indicado sen que o beneficiario presentase a documentación xustificativa, poderase entender que renuncia á subvención. Neste caso, o conselleiro ditará a oportuna resolución nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992.

Artigo 19º.-Pagamento.

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada e das condicións establecidas para a súa concesión.

2. Procederá a minoración da subvención concedida cando o investimento da actuación realizada e xustificada teña un importe inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

Artigo 20º.-Incumprimento, reintegros e sancións.

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, no seu caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Ao abeiro do disposto no artigo 14.1º n) da Lei 9/2007, os criterios de graduacións dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se vai minorar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os cales se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables, ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda ao dereito do cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.

b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os cales se concedeu a axuda, da realización do investimento subvencionable ou da obriga de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

3. Para facer efectiva a devolución a que se refire o número anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II Do reintegro de subvencións da Lei 9/2007.

4. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da devandita Lei 9/2007.

5. Así mesmo, procederá o reintegro do exceso percibido, así como o xuro de demora correspondente, nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 21º.-*Control.*

1. A Consellería de Economía e Industria poderá facer as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, aos dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 22º.-*Publicidade.*

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 €, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia* e poderá substituírse esta pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Economía e Industria.

Artigo 23º.-*Protección de datos.*

A Consellería de Economía e Industria velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento e para eses efectos procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei 15/1999, de protección de datos, e adoptaranse tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

A finalidade da recolla e do tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros, no entanto, a Consellería de Economía e Industria revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos e poderán exercerse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito e achegar identificación suficiente á seguinte dirección, edificios administrativos Xunta de Galicia-San Caetano, s/n, 15704 Santiago de Compostela, ou ben mediante o procedemento habilitado para o efecto e que poderá atopar na Guía do Cidadán da páxina web da Xunta.

Artigo 24º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases observarase ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da antedita lei, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión (DOUE do 28-12-2006), do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*, nos regulamentos (CE) nº 1080/2006 (DOUE 31-7-2006), 1083/2006 (DOUE 31-7-2006) e 1828/2006 (DOUE 15-2-2007) relativos ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) e no resto de normativa que resulte de aplicación.



UNIÓN EUROPEA Fondo Europeo de Desenvolvemento Racional



UNIÓN EUROPEA Fondo Europeo de Desenvolvemento Racional

ANEXO II (folia 1) (modelo normalizado de solicitude)

Formulario for subsidy applications, containing fields for identification, contact information, company details, and financial data.

ANEXO II (folia 2) (modelo normalizado de solicitude)

Formulario for the identification and description of subventions, including a table for subvention details.

Table for subvention amounts (ACTUACIÓN SUBVENCIONABLE), with columns for description, amount, and total.

Legislación para cada convocatoria e subtipo segun o artigo 2.1 das bases reguladoras. ANEXO II (folia 2) c3, c3, c3, c3.
Nesta columna deberá facer unha breve descripción da actuación, que se deberá corresponden co subtipo especificado na columna anterior.

ANEXO III (folha 1)
(modelo de declaración de entidade)

DECLARACIÓN EXPRESA DA ENTIDADE SOLICITANTE

D/P: _____ con DNI/NIE: _____
D/P: _____ con DNI/NIE: _____

En representación da entidade: _____ con NIF: _____

DECLARA EXPRESAMENTE:
QUE EN RELACION A OUTRAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS, DECLARA O SEGUINTE:

Non solicitará nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que solicita esta subvención

Si solicita e/ou tem concedidas axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que solicita esta subvención, as axudas que son as que a seguir se relacionan:

| Tipo de axuda | Estado | Imposto(s) | Disposición r reguladora | Base de publicación no BOG da disposición Reguladora | Entidade concedente |
|---------------|--------|------------|-----------------------------|------------------------------------------------------------|---------------------|
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

DECLARACIÓN EXPRESA DA ENTIDADE SOLICITANTE

D/P: _____ con DNI/NIE: _____
D/P: _____ con DNI/NIE: _____

En representación da entidade: _____ con NIF: _____

DECLARA EXPRESAMENTE:

1) QUE todos os datos que figuran na memoria técnica e demais documentación SON CERTOS, QUE A DITA EMPRESA, de acordo co criterios establecidos na Recomendación da Comisión Europea do 6 de maio de 2005 (DOUE de 20.05.2005), sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas PERTENCE A CATEGORÍA DE (marcar con "X"):

MICROEMPRESA PEQUENA EMPRESA MEDIANA EMPRESA EMPRESA NON PERSE

2) QUE CONECE E ADMITE AS CONDICIONS DA CONVOCATORIA e cumpre co requisitos establecidos na mesma.

3) QUE NON SE ATOPA, incursión en ningunha das prohibicións para obter a concesión de beneficiario recollidas no artigo 20 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4) QUE respecta a prohibición de subcontratación cos provedores de bens ou servizos nos que recita a lei, os procedementos establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 do Real Decreto 887/2006 que desenvolve a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións, e que (marcar con "X"):

Non están vinculados coa entidade solicitante ou co seus órganos directivos ou xerarcais, ou con entidades que se relacionan no artigo 17 das bases reguladoras)

5) QUE SE ATOPA DADO DE ALTA no imposto de actividades económicas na actividad principal e no grupo e epígrafe do IAE seguintes:

ACTIVIDADE PRINCIPAL: _____
GRUPO OU EPIGRAFE DO IAE: _____

ADEMAIS DECLARA EXPRESAMENTE (régime de "mínimos")
QUE A CITADA ENTIDADE, NO EXERCICIO FISCAL EN CURSO, E NOS DOUS EXERCICIOS FISCAIS ANTERIORES Á SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DESTA CONVOCATORIA (RISQUE CUN "X" O QUE PROCEDA):

Non obtivo ningunha subvención ou axuda pública por calquera concepto, suxeita ao réxime de "mínimos".

Si obtivo ou solicita outras subvencións e/ou axudas públicas, por calquera concepto, suxeitas ao réxime de "mínimos", que son as que de seguido se relacionan:

6) QUE no referente aos certificados que deben emitir a Xunta de Galicia, a Administración Tributaria, a Tesorería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda, respecto á acreditación do alta no IAE, nos identificativos dos NIF e no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter debidas coa Comunidade Autónoma de Galicia (marcar con "X"):

Cobro o precepto no art. 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no referente a que a presentación da solicitude comporta a autorización ao órgano sancionador solicitar os datos referidos.

Que, non obstante o anterior, NON AUTORIZA A OBRGAMO XESTOR para solicitar os devanceiros certificados e presentarl os mesmos baixo a súa propia responsabilidade.

| Tipo de axuda | Estado | Imposto(s) | Disposición r Reguladora | Data de publicación no BOG da disposición reguladora | Data de realización ou realización de convenio | Entidade concedente |
|---------------|--------|------------|-----------------------------|------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------|---------------------|
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |

7) QUE, de acordo co disposto no artigo 22.6 e 9 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, coñece a identidade que lle dá o órgano notificador, non presentará escrituras inscritas no Rexistro Mercantil, no caso exclusivamente de sociedades mercantís con Administración Única, Sociedade Responsabilizada, polo que (marcar con "X"):

Si, fál uso desta opción, achegando que a representacións da entidade solicitante foi adquirida mediante escritura pública de nomeamento (ou veracidade) de _____ no Rexistro Mercantil de _____, e responsabilidade de _____ de _____ de _____, de _____ de _____.

NON fál uso desta opción (cu non lle é aplicable, e presentará escrituras públicas de ser o caso).

Así mesmo, comprométemos comunicarl cantas axudas de mínimos, ou outras axudas que obtivemos ou obtivemos para a mesma actuación das administracións públicas, de ámbros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración, segundo o artigo 11.d da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

de _____ de _____

(sinatura(s) e selo da empresa)

NOTA 1: Todos os datos deben corresponder ao último exercicio contable pechado e actualizarse con carácter anual. O total de volume de negocio calculase sen o imposto sobre o valor engadido (IVA) e sen tributos indirectos. En empresa de nova creación que non pecheu aínda os seus contos, utilizáranse datos baseados en estimacións fiables realizadas durante o exercicio financeiro.

NOTA 2: DEFINICIÓN DE MICROEMPRESA E MEDIANA EMPRESA SEGUNDO A RECOMENDACIÓN DA COMISIÓN EUROPEA DO 6 DE MAIO DE 2005: Para a clasificación das empresas segundo o seu tamaño, adócese de acordo coa Recomendación da Comisión Europea de 6 de maio de 2005 (DOUE 20.05.2005) sobre definición de microempresas, pequenas e medianas empresas.

Microempresa: - A que atóan menos de 10 traballadores e un límite de 2 millóns de euros para o volume de negocio e o balance xeral.

Pequena empresa: - A que teñen entre 10 e 49 traballadores e un límite de 10 millóns de euros para o volume de negocio e o balance xeral.

Mediana empresa: - A que teñen entre 50 e 249 traballadores. O límite do volume de negocio é de 50 millóns de euros e o do balance xeral de 43 millóns de euros.

O método utilizado para determinar o número de traballadores debe ser o do artigo 6. apartado 2 e 3, do anexo á cidadá Recomendación da Comisión.

ANEXO I*
(Modelo de notificación)

D/Dª da entidade _____, co DNI/NIE _____, actuando en representación que ten o seu enderezo en _____

D/Dª da entidade _____, co DNI/NIE _____, actuando en representación que ten o seu enderezo en _____

MANIFESTA(N):

Que o día _____ (incluírase o texto "publicouse no Diario Oficial de Galicia" no caso de que as concesións se vaian publicar nese diario ou "recibiu a notificación" no caso de que as notificacións daquelas se vaian facer individualmente) a concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da Orde do 18 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a empresas galegas para a realización de actuacións e estratexias de promoción e internacionalización, e se precede a súa convocatoria (IN515B), para o proxecto _____, por unha contía de _____ euros.

DECLARA:

Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

..... de de

Asdo.:
O
Asdo.:
O

(sinatura)

ANEXO IV
ÍNDICE A SEGUIR NA ELABORACIÓN DA MEMORIA TÉCNICA PREVISTA NO ARTIGO 5.2.3 DAS BASES REGULADORAS

1. DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE PRINCIPAL DA EMPRESA E DA SÚA ESTRATEXIA PROMOCIONAL DE CARA A OUTROS MERCADOS;

1.1. Breve historial da empresa (ou das empresas no caso de actuacións en cooperación) na que se indique a súa evolución no eido da internacionalización e/ou as súas expectativas.

1.2. Actividade/s principais da empresa. Evolución do/s seu/s nivel/s de produción e facturación nos derradeiros anos. Principais clientes e provedores.

1.3. Relación de empresas subcontratadas e definición dos traballos que desenvolven.

1.4. Definición da estratexia promocional cara a outros mercados, referida aos produtos que se pretenden prestar/ofrecer no mercado exterior suxeitos á presente subvención.

2. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO QUE SE VAI LEVAR A CABO:

2.1. Aspectos principais do seu desenvolvemento. (Tipo/s de actuacións, ámbito de aplicación, idiomas empregados, porcentaxes de participación en cooperación, etc.)

2.2. Lugares e calendario de execución (recoméndase a utilización dun e diagrama), este apartadado terase en conta aos efectos da valoración da actuación no ámbito internacional ou nacional.

2.3. Interese. Oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa execución.

2.4. Orzamento. (Desglosado por actuacións).

3. CERTIFICACIÓNS DE CALIDADE, EXCELENCIA, MEDIOAMBIENTAIS, PREVENCIÓN RISCOS E VERIFICACIÓNS DE ACTUACIÓNS EN RSE. (Fornecer indicación de todos os referenciais que presenten (n) a(s) empresa(s) que realizou(n) a(s) actuación(s)).

4. PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE. (Indicase toda a documentación presentada xunto coa solicitude, e se é o caso as anomalías que se puideran presentar, por exemplo, documentación faltante e os seus motivos, documentación no poder da Administración, etc.)

5. EMPREGO DO IDIOMA nas actuacións.

6. DATOS DE INTERESE:

6.1. Emprego asociado: nº de persoas participantes nos proxectos.

6.2. Emprego asociado: nº de mulleres participantes nos proxectos.

6.3. Inversión privada inducida (€/mº).

6.4. Emprego creado bruto (mulleres): nº.

6.5. Emprego creado bruto (mulleres): nº.

6.6. Número de proxectos.

6.7. Número de empresas beneficiadas.

6.8. Empresas beneficiadas que contan con Sistemas de Xestión Medioambiental certificado ISO 14001 y/o EMAS.

6.9. Nº de autónomos beneficiados.

6.10. Nº de mulleres autónomas beneficiadas.

6.11. Nº de empresas creadas.